<p>Perfil profesional das persoas coa titulación de técnico superior en Integración Social: profesionalización da intervención social; ámbitos profesionais, competencias e funcións das persoas con esta titulación; equipos profesionais (interdisciplinariedade).</p> <p>Actitudes e comportamentos axeitados cara ao medio físico (CA 3.9)</p> <p>Actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas (CA 3.10)</p> <p>Actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo (CA 3.11)</p> <p>Estratexias de intervención social: políticas, coa sociedade, na sociedade, no grupo, na familia e co individuo.</p> <p>Organizacións, servizos e programas de intervención social. Análise dos servizos e os programas dirixidos a diferentes colectivos.</p> <p>Programas de intervención social e promoción da igualdade</p> <p>Apoio social e autoaxuda.</p> <p>Participación social e voluntariado: ámbito e límites de actuación.</p>



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva no módulo serán os seguintes:

CA1.2 - Caracterizáronse os procesos que inflúen na conformación social da conduta e as actitudes

CA1.4 - Describíronse os procesos básicos que interveñen na dinámica e no cambio social

CA1.5 - Identificáronse os factores que favorecen ou inhiben o cambio social

CA1.7 - Argumentouse a necesidade de coñecer os aspectos básicos da dinámica social no deseño das intervencións

CA1.8 - Explicouse o papel da perspectiva de xénero na dinámica e o cambio social

CA2.1 - Definíronse os conceptos psicolóxicos e sociolóxicos básicos relacionados cos procesos de inclusión e exclusión social

CA2.1.1 - Reflexionouse sobre os conceptos psicolóxicos e sociolóxicos básicos relacionados cos procesos de inclusión e exclusión social

CA2.1.2 - Definíronse os conceptos básicos relacionados cos procesos de exclusión e integración social

CA2.1.2.1 - Caracterizouse o proceso de exclusión social

CA2.1.3 - Identificáronse as principais teorías sobre a exclusión social

CA2.3 - Identificáronse as principais causas da marxinação e da exclusión social

CA2.3.1 - Reflexionouse sobre as principais causas da marxinação e da exclusión social

CA3.1.1 - Identificouse o marco conceptual básico da intervención social

CA3.9 - Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado de recursos

CA3.10 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas: comunicación verbal e non verbal

CA3.11 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo: participación, compromiso, responsabilidade.

### UD2

CA2.2 - Explicáronse os procesos básicos asociados á integración e á exclusión social de persoas e colectivos

CA2.3.2 - Identificáronse as principais causas da marxinação e da exclusión social

CA2.3.3 - Identificouse o sexo como factor de exclusión social

CA2.4 - Identificáronse os indicadores xerais de marxinação e exclusión social

CA2.6 - Diferenciouse entre necesidade e demanda social

CA2.7 - Argumentouse a influencia das necesidades sociais na marxinação e na exclusión social

CA2.8 - Concretáronse os mecanismos e os procesos xerais de reinserción social

CA3.9 - Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado de recursos

CA3.10 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas: comunicación verbal e non verbal

CA3.11 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo: participación, compromiso, responsabilidade.

### UD3

CA3.1.2 - Explicáronse os antecedentes e a evolución das políticas de intervención social

CA3.2.1 - Diferenciáronse as normas xurídicas

CA3.2.2 - Describiuse o marco xurídico e administrativo europeo dun ámbito concreto

CA3.2.3 - Describiuse o marco xurídico e administrativo español dun ámbito concreto

CA3.2.4 - Describiuse o marco da Administración autonómica e local dun ámbito concreto

CA3.4.2 - Concretáronse os sectores de intervención na nosa realidade social

CA3.5 - Xustificouse a necesidade da protección social como un dereito das persoas



- CA3.7.1 - Explicouse en que consiste a discriminación positiva nos procesos de igualdade
- CA3.7.2 - Xustificouse a importancia da discriminación positiva nos procesos de igualdade
- CA3.8 - Describiuse o papel do persoal técnico en integración social no marco da intervención social
- CA3.9 - Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado de recursos
- CA3.10 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas: comunicación verbal e non verbal
- CA3.11 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo: participación, compromiso, responsabilidade.

#### UD4

- CA3.9 - Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado de recursos
- CA3.10 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas: comunicación verbal e non verbal
- CA3.11 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo: participación, compromiso, responsabilidade.
- CA4.1 - Describíronse as características biolóxicas, psicolóxicas e sociais asociadas a situacións ou risco de exclusión social
  - CA4.3.1 - Explicáronse as características dun colectivo específico susceptible de exclusión social
  - CA4.3.2 - Explicáronse as necesidades dun colectivo específico susceptible de exclusión social
  - CA4.3.3 - Explicáronse as características e as necesidades das persoas e dos colectivos susceptibles de exclusión social
- CA4.4.1 - Identificáronse os factores influentes na situación ou no risco de exclusión social dos colectivos susceptibles de intervención
- CA4.4.2 - Identificáronse os factores influentes na situación ou no risco de exclusión social dun colectivo susceptible de intervención concreto
  - CA4.5.1 - Describíronse as variables que inflúen nas situacións de necesidade nos sectores obxecto de intervención
  - CA4.5.2 - Describíronse as variables que inflúen nas situacións de necesidade dun colectivo obxecto de intervención en concreto
  - CA4.5.3 - Analizouse a influencia da variable e xénero nun colectivo específico (perspectiva de xénero)
  - CA4.5.4 - Analizouse a influencia da variable e xénero nos sectores obxecto de intervención (perspectiva de xénero)
- CA4.6.1 - Relacionáronse as características dun colectivo específico coas demandas e as necesidades de intervención social
- CA4.7 - Identificáronse as principais fontes de información acerca dos colectivos de intervención
  - CA4.8.1 - Explicouse como fundamentar a intervención nas necesidades das persoas destinatarias
  - CA4.8.2 - Explicouse por que se deben fundamentar as intervencións nas necesidades das persoas destinatarias
- CA5.2.1 - Identificáronse as principais organizacións e servizos dirixidos á intervención social cun colectivo específico
- CA5.2.2 - Identificáronse as principais organizacións e servizos dirixidos á intervención social con diversos colectivos
- CA5.6.2 - Enumeráronse as principais prestacións e axudas ás que ten dereito un colectivo de intervención específico

#### UD5

- CA3.9 - Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado de recursos
- CA3.10 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas: comunicación verbal e non verbal
- CA3.11 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo: participación, compromiso, responsabilidade.
- CA5.1 - Identificáronse os enfoques, as modalidades e as estratexias de intervención social
- CA5.5 - Identificáronse os aspectos básicos da intervención social con diversos colectivos
- CA5.8 - Concretáronse a importancia social, o ámbito de actuación e os límites do voluntariado na intervención social

A cualificación global do alumnado virá determinada por:

1. En canto aos procedementos: ( a cualificación dos criterios que correspondan a parte máis procedimental do módulo terá un peso sobre a nota final do módulo dun 40%).

1.1 A calidade das tarefas e traballos individuais e grupais. Neste apartado valorarase a adecuación ao solicitado na tarefa, o nivel de





complexidade e afondamento, a coherencia en estrutura e contidos do traballo, a claridade expositiva e os recursos técnicos empregados, tanto nas presentacións escritas coma orais.. Inclúense neste apartado:

-Os traballos individuais realizados: valorarase a creatividade e innovación no formato, a claridade de ideas na redacción, a capacidade de síntese, a creatividade e as reflexións persoais fundamentadas, o cumprimento dos prazos de entrega, redacción e coherencia, ortografía, contido e presentación. Nas exposicións valorarase a claridade expositiva dos traballos, a adecuación cos contidos traballados na aula, a orixinalidade na exposición e o contido fundamentado da mesma.

Ao remate de cada trimestre o alumnado entregará un cartafol coas actividades realizadas ao longo da unidade. Neste deberán constar a descrición de todas as actividades desenvolvidas no trimestre e unha pequena valoración persoal de cada unha delas na que se fará fincapé nos coñecementos adquiridos a través da realización da mesma.

-Os traballos grupais realizados: valorarase a claridade de ideas na redacción, a capacidade de síntese, a creatividade e as reflexións grupais fundamentadas. Nas exposicións valorarase a claridade expositiva dos traballos, a adecuación cos contidos traballados na aula, a orixinalidade na elaboración e exposición, o contido fundamentado da mesma e a implicación de todos/as os/as membros do grupo. Se as tarefas se distribuíron equitativamente, si cada un se responsabilizou activamente do seu traballo, si se fixeron postas en común para que o traballo resulte coherente, si se resolveron os problemas que puideran xurdir, etc. A nota poderá ser diferente para as distintas persoas que integren o grupo.

2. En canto aos conceptos ( a cualificación dos criterios que correspondan a parte máis conceptual do módulo terá un peso sobre a nota final dun 50%). As probas escritas sobre contidos expostos na aula serán de dous tipos: exames con elaboración de diferentes tipos de resposta e supostos prácticos. Só se realizarán 1 ou 2 por trimestre.

A ausencia inxustificada a estas probas conlevará automaticamente un cero. Estas probas puntuaranse sobre dez.

3. En canto as actitudes ( a cualificación dos criterios que correspondan a parte máis actitudinal do módulo terá un peso sobre a nota final dun 10%). A cualificación do traballo individual farase a partir das observacións recollidas polo profesor, dos datos aportados polas tarefas das alumnas e alumnos e da cantidade e calidade das achegas realizadas. Asemade teranse en conta as autoavaliacións realizadas polo alumnado.

As porcentaxes sobre a nota final quedan establecidas do seguinte xeito:

1. Conceptos : 50 %

2. Procedementos: 40 %

3. Actitudes relacionadas coa profesionalidade: 10 %

A cualificación final de cada avaliación será a suma das notas resultantes de cada un dos tres apartados anteriores.

Para superar as avaliacións será preciso ter aprobada cada unha das probas teóricas, tarefas de contido práctico e participación e actitude relacionada coa profesionalidade. En caso de non ter avaliación positiva en todas as probas teóricas, todas as tarefas prácticas e na actitude relacionada coa profesionalidade non se sumará o porcentual establecido anteriormente.

A cualificación final de cada avaliación será a suma das notas resultantes de cada un dos apartados anteriores. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco en cada un dos apartados. Para superar de xeito positivo as distintas avaliacións, será preciso superar de xeito positivo todos os apartados descritos anteriormente: probas teóricas de avaliación, traballos e actividades de clase, participación e actitude relacionada coa profesionalidade.

Para aprobar o módulo é necesario ter aprobadas cada unha das avaliacións.

A nota final do módulo será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións. A cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais.

Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario. Estas actividades concretaranse para cada alumno/a tomando como referencia os obxectivos xerais do módulo e os criterios de avaliación non superados. O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Determinación da perda do dereito a avaliación continua:

- Tal e como se establece nas Normas de Organización y Funcionamento (NOF) do CIFP COMPOSTELA: ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial: "O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas." Atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establececese para todos os módulos un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

Polo tanto, neste módulo establécese un total de

-13 Faltas sen xustificar

- 7 Faltas xustificadas

As faltas serán carácter xustificadas, cando o alumnado concorra nos seguintes casos:

-Enfermidade ou accidente con parte do facultativo.

-Deber inescusable de carácter público ou persoal, debidamente xustificadas.

-Por participar nunha xornada de folga como medida de protesta colectiva.

En todo caso, o alumnado terá a obriga de realizar todas aquelas probas que estivesen planificadas previamente polo docente para esa/as data/as, así como respectar a entrega de tarefas contempladas en programación, de ser o caso. Do mesmo xeito, o docente poderá dar por impartida a materia que estivese programada.

Proba de avaliación extraordinaria para o alumnado que perdesse o dereito de avaliación continua:

Tal e como indica a lexislación vixente:

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación



final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

A proba de avaliación extraordinaria constará de tres probas que poden ser desenvoltas en diferentes días:

1ª parte da proba: proba escrita sobre os aspectos teóricos dos contidos traballados ao longo dos dous trimestres. O exame poderá incluír cuestións de diferente tipo de resposta: de elección, de resposta corta e/ou de desenvolvemento de cuestións relacionadas cos contidos do módulo.

A duración máxima desta proba será de 3 horas. Para aprobar este exame é requisito imprescindible aprobar a parte correspondente a cada avaliación, cunha nota mínima de 5, e dicir, é necesario aprobalas tres avaliacións conxuntamente, do contrario o exame estará suspenso (non se efectuará a media entre as tres avaliacións).

2ª parte da proba: proba escrita de carácter práctico, que consistirá na realización dun suposto práctico correspondentes ao módulo a examinarse.

A duración máxima desta proba será de 3 horas.

3ª parte da proba: proba oral que consistirá na exposición e explicación do suposto práctico elaborado.

Para aprobalo módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 en cada unha das partes, non existindo a posibilidade de facer media entre as partes, nin de gardar partes aprobadas se fose o caso.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

### Seguemento da programación

O seguemento da programación levarase a cabo de xeito continuo a través do caderno de aula. As anotacións recollidas neste facilitarán a realización do seguemento da programación semanal a través da aplicación informática.

### Avaliación da práctica docente

A avaliación da práctica docente levarase a cabo en varios momentos. De xeito continuo ao longo do proceso recollendo información daqueles aspectos que non funcionan ou sexa necesario mellorar, para facelo no momento se a situación o permite. Ao final de cada trimestre desenvolverase unha avaliación conxunta co alumnado sobre o desenvolvemento do módulo. Nesta, entre outros temas, recolleranse datos e contrastaranse co alumnado sobre a propia práctica docente. Teranse en conta os seguintes temas:

- Metodoloxía utilizada.
- Obxectivos específicos acadados en cada UD e nivel de asimilación dos contidos e procedementos que interveñen.
- Nivel de adquisición dos resultados de aprendizaxe logrados realmente polo alumnado en relación aos programados/esperados.
- Pertinencia dos criterios de avaliación programados.
- Actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
- Explicacións realizadas na aula/taller: idoneidade, adecuación, pertinencia
- Materiais e recursos utilizados.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a primeira semana do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No referente á atención á diversidade, a flexibilización modular de ciclos formativos consiste na autorización para que o alumnado poida cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulo cunha temporalización distinta da habitual.

De forma xeral neste módulo implantaranse, conforme ás necesidades detectadas, medidas de reforzo educativo, tanto curriculares como organizativas:

- Tendo en conta a posible discapacidade física dun alumno/a (xordeira, cegueira, deficiencia motórica,...), será necesaria a adecuación no acceso o currículo.
- Tamén poderán adecuarse compoñentes básicos do currículo (contidos, metodoloxía, recursos), incidindo directamente na programación, en base ás problemáticas concretas:
  - Adaptación no proceso de ensinanza-aprendizaxe aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades didácticas.
  - Planificación de actividades para determinar cales son os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
  - Tendo en conta os intereses do alumnado na programación e funcionalidade das aprendizaxes.
  - Creación dun clima de respecto e tolerancia e valoración mutua.
  - Creación dun ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo que integre a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.
  - Métodos alternativos de ensinanza-aprendizaxe.
  - Maior tempo para a consecución dos obxectivos
  - Actividades diversas diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.
  - Deseñar diferentes actividades e situacións para avaliar o mesmo contido.

-Adaptando os instrumentos de avaliación ás necesidades e capacidades potenciais do alumnado.

-Materiais adaptados ás súas necesidades.

-Adecuación de espazos na aula que favorezan a mobilidade do alumnado e posibilite distintos tipos de traballo de forma simultánea e diferentes agrupamentos coa participación de todos os alumnos e alumnas

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

1. Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
2. Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
3. Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
4. Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
5. Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático,talleres,...)
6. Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o módulo de Contexto da Integración Social considérase fundamental o achegamento do alumnado á realidade das entidades que traballan cos distintos colectivos. Unha das actividades previstas na programación é a realización dun mapa de recursos da intervención social na área de Compostela, que o alumnado deberá realizar en equipos. Para facilitar a visita ás distintas entidades en grupos reducidos, de maneira que non distorsionen a actividade das mesmas, organizarase, en colaboración co profesorado do módulo de Metodoloxía da Intervención Social, unha visita por trimestre na que cada equipo visitará unha ou dúas entidades do seu ámbito de preferencia.

Asimesmo, organizaranse distintas conversas onde profesionais do ámbito de integración lle achegarán a súa experiencia ao alumnado: charla coa responsable de Servizos Sociais do concello de Santiago, coa entidade Fundación Secretariado Xitano, etc.

A programación de actividades complementarias podería ampliarse en función de propostas que poidan xurdir ao longo do curso e que resulten de



interese como complemento aos contidos do módulo.